



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria **do pleno nº 01/16**

Data 11-02-2016

Acta anterior 28-12-2015

Asistentes:Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D^a. María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Emilio Mahía Neira

D^a Manuela García Freire

D. José Antonio Cotos Seoane

-D^a. Marta García SánchezNon asistenSecretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 01/2016**Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día once de xaneiro de dous mil dezaseis.**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e cinco minutos do día once de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Inicialmente hai 4 cidadáns presentes en calidade de público, incorporándose no transcurso da sesión outro máis.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación de actas anteriores (00h 00')

O alcalde relaciona que actas e cando foron remitidas e cales son as que corresponde aprobar. Son as 12 (sorteo membros mesa) 13 e 14 de 2015.

Toma a palabra o concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane que manifesta que nas actas se transcriben algunhas cousas si e outras non, preguntando o alcalde ao secretario, que é quen as redacta, cal é o criterio, indicando este que se trata de recoller o fundamental das intervencións e que, de así acordarse, transcríbese literalmente o que se solicite explicitamente.

O concelleiro José A. Cotos Seoane solicita que conste explicitamente que no punto do cemiterio o alcalde dixo que quería falar con el. O alcalde di que quede constancia da petición do concelleiro José A. Cotos Seoane.

Non habendo máis intervencións apróbanse as actas mencionadas, corrixindo na acta 14/15 os seguintes erros de feito: No encabezamento da acta aparece como n^o o de 11/15, cando obviamente é 14/15, e tamén no encabezamento aparece como data a de 21-10-2015, cando obviamente é 11 de decembro de 2015.

Neste momento a portavoz do BNG Manuela García Freire informa de que teñen unha moción de urxencia, indicando o alcalde que se estudará no punto das mocións.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local.(02' 58")

O alcalde do concello indica que as últimas actas das que se dou conta ao pleno foi a número 24/15.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

e hai uns días deuse conta da 1/16, quedando pendentes a 25/15 que debeu de saír hoxe e as 2 e 3/16.

A continuación a portavoz do BNG quéixase de que nas facturas non veñen os conceptos, contestando o alcalde que falou co secretario e que se está dando información conforme á lei, contestando a portavoz do BNG que iso xa o dixeran o alcalde, pero que o alcalde, a pesar diso, comprometérase a dar máis información. O alcalde ratifica que se está dando información segundo marca a lei, contestando a portavoz do BNG, Manuela García Freire, que entón eles van pedir copia de todas facturas todas ao que, afirma, teñen dereito, e que iso si que vai causar máis traballo.

3.- Corrección de erros á Aprobación do Plan de Obras e Servizos Municipais POS 2016, acordado por este pleno na sesión 14/15 do día 11-12-2015. (05' 58")

A continuación dáse conta do informe de secretaría, que se unía á convocatoria relativa ao Plan de Obras e Servizos Municipais POS 2016 e que se reproduce a seguir:

INFORME DE SECRETARÍA

Afonso Bieito Lorenzo Penela, secretario do concello de Vilasantar,

Informe

1) Que na redacción da acta do pleno celebrado o día 11 de decembro de 2015, no punto correspondente á aprobación do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación provincial da Coruña, detectáronse os seguintes erros.

*No punto C) **Resumo**, a cantidade total está mal sumada, sendo 138.610,98 euros en lugar das 130.610,18 euros.*

2) Que na redacción do proxecto da obra "Acondicionamento de camiños de Conchelo, Currás, Raído e outros, detectouse un erro na páxina na páxina 6 do apartado "Mediciones y Presupuesto", pois aparece o concepto "Limpieza de carreteras, sobreanchos", que non debería de aparecer. O total, deste apartado é, por tanto, de 590,20 euros e non de 673,90 euros como figuraba. Esta cantidade é a que xa figuraba na folla de Resume.

Á vista do informe e máis das explicacións do alcalde o Pleno acorda corrixir os erros por unanimidade dos asistentes.

4.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2016 (07' 59")

Xunto a convocatoria achegábase a relación de facturas e informes de intervención e secretaría, que se unen como **anexo I, II e III** á presente acta.

Neste momento entra un cidadá máis na sala en calidade de público asistente.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente a razón do presente expediente, que comprende as facturas do exercicio de 2015 que non houbo tempo a tramitar no exercicio por terse rexistrado en datas próximas ao seu remate. O importa total é de 30.297,57 euros.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

(08' 55") A portavoz do BNG Manuela García Freire di que non foi ver ás facturas, pero que da relación hai algunhas que quere comentar:

-Factura de compra de alimentos e bebidas á Garda Civil, con motivo da súa festividade. Parécelle que non ha lugar e menos nestes momentos de crise, en que seguramente o plan de alimentos de emerxencia social deste concello non está chegando e, ademais, dada a situación económica do concello.

-Factura do vídeo promocional, aproveitando para criticar a súa realización, na que o concello paga un xantar, considerando que o restaurante en cuestión, se quere aparecer, o normal sería que pagase, ou que o fixese gratis, pola contra é o concello quen paga o xantar no que saen traballadores do concello. Pregunta se se falou con todos os restaurantes do concello e critica a realización do vídeo.

(11' 03") Contesta o alcalde que a Garda Civil solicitou unha pequena participación económica aos concellos para poder facer a festa, e pedímoslle que o gasto da achega do concello o fixeran dentro do concello (388,98 €) por iso foi para comprar alimentos e non unha axuda sen máis. O concello de Vilasantar foi o que menos aportou da zona, con respecto a alimentos de emerxencia social non temos solicitudes sen atender neste momento.

Con respecto ao vídeo o importe da consumición no restaurante vai incluído na subvención e en ningún momento sae o restaurante como tal. Podían ter saído outros locais e na guía que se está a imprimir si que saen, pero había que ir a un e foise a ese. Con respecto ao leite si se mercou en Vilasantar, contestando a portavoz do BNG Manuela García Freire que os rumores que había é que non se mercara aquí e que o concello debería de ter collido a unha queixería de Vilasantar, que entende que é o que hai que promocionar, e non a unha persoa que nunca se adicou a vender queixo. O alcalde di que se recolla o que di.

A seguir a portavoz do BNG pregunta pola factura da cea do nadal co persoal do concello, estando as contas do concello tan mal, e se se lle pagou só aos traballadores, porque houbo máis xente, contesta o alcalde que o que se pagou foio o dos traballadores que asistiron, o dos políticos pagou cada quen o seu, contestando a portavoz do BNG que eles, malia ser parte da corporación non foron invitados, e insistindo en que non lle parece ben neste momento económico, en que nin se lles paga a extra.

Sendo os **(16' 39")** sométese o Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2016 a votación sendo aprobado por seis votos (PP) a favor e tres abstencións (BNG).

5.- Mocións (16' 58")

A continuación e a petición do alcalde, a portavoz do BNG explica as razóns da urxencia da moción que queren presentar (que finalmente será rexistrada de entrada en data 12-02-2016 co nº 205) e que se titula "Moción urxente relativa a desaparición de Manuel Suárez, veciño de Vilasantar", explicando brevemente o que está recollido na exposición de motivos do mesmo e a preocupación que hai na familia e na veciñanza, e le literalmente a proposta de resolución.

Realizada a exposición o alcalde somete a declaración de urxencia a votación, a cal é declarada por



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

unanimidade dos asistentes. En consecuencia procédese ao estudo da moción **que se une como anexo IV** á presente acta.

A/ Moción urxente relativa a desaparición de Manuel Suárez, veciño de Vilasantar (19' 29")

A continuación o alcalde solicita á portavoz do BNG que lea a moción integramente, o cal fai Manuela García Freire, estando recollida como anexo IV, desta acta. A proposta de acordos é a seguinte:

- 1. Solicitar por parte da alcaldía dunha reunión urxente co Delegado do Goberno en Galiza para que, acompañado dos dous grupos políticos do concello e da familia se nos expliquen as xestións realizadas até agora e os datos de que dispoñen sobre a situación actual do noso veciño Manuel Suárez.*
- 2. Solicitar unha reunión urxente co Director Xeral de Emerxencias para que se implique na busca do veciño desaparecido que padece un trastorno psicolóxico.*
- 3. Que o concello de Vilasantar se poña ao fronte e deseñe un dispositivo de busca do desaparecido coordinado cos servizos de emerxencia da Xunta e da Garda Civil e se faga un chamamento á veciñanza para participar na busca de xeito coordinado e eficaz.*
- 4. Instar á Xunta de Galiza para que ofrezca á familia, como en calquera outro caso de desaparición, asesoramento psicolóxico dada a idade avanzada dos pais da persoa desaparecida.*

(23' 18") A continuación o alcalde informa que teñen coñecemento da existencia de problemas dende abril de 2015, por denuncias continuas de veciños pola súa actuación coas vacas. Fálase con Manuel para que controle á súa gandería, e tamén se fala cos seus familiares e irmáns. Daquela non considerabamos que estivera mal, só que cando se lle fala das vacas poñíase nervioso. Tiña boa relación con el ata que un día ameazoume e mesmo colleume polo pescozo.

A familia ten vido polo concello dicindo que non podían con Manuel, a situación vaise agravando con intervencións do Seprona e do Xefe do servizo provincial de gandería. Incóase un expediente de reposición de legalidade urbanística. Ata que o problema se eleva a fiscalía.

O 1 de outubro de 2015 dende o concello de Vilasantar, mándase un informe psicosocial e familiar de Manuel, o 29 de outubro outro sobre seguridade vial, O 10 de novembro outro á fiscalía para a valoración médico psiquiátrico.

Finalmente o 14 de xaneiro hai un auto do xuíz mandando a Luís (un irmán) para que se faga cargo da explotación gandeira. Pero en ningún momento toma medidas sobre Manuel e a súa saúde. O día 20 de xaneiro desaparece. Nós o día 21 mandamos un fax esixindo medidas para atopalo, que reiteramos o 22, 48 horas despois da súa desaparición. Falamos co GES de Curtis e coa delegación e subdelegación do goberno.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O que nos contestan é que se trata dun fuxido e que está en busca polos feitos do día 20 de xaneiro e non dunha desaparición. Considérano un fuxido voluntario e perigoso desaconsellando a busca por voluntarios.

A continuación fai unha relación citando as datas concretas dos feitos xa relatados. Finaliza indicando que a situación é complexa no sentido de que non é unha desaparición normal, pois non se perdeu, senón que fuxiu e por iso a garda civil e a delegación do goberno o consideran unha investigación xudicial.

Finalmente, pasados (31' 03") o alcalde considera correcta a moción do BNG e indica que o concello sempre falou coa familia e máis con Manuel, levóuselle alimentos, e falouse tamén da medicación do pai, e que a familia tense que se implicar. Manuela García Freire, portavoz do BNG indica que a familia tería feito mal algunhas cousas pero que non é o momento de criticar. A familia non é o problema, é unha persoa desaparecida, a xustiza é lenta á hora de incapacitar a alguén. Si critica a profesionalidade da garda civil no desenvolvemento dos feitos, contestando o alcalde que a garda civil estaba para protexer aos veterinarios.

Manuela García Freire insiste en que non se critique á familia, que é unha persoa desaparecida e iso é o importante

O alcalde quere deixar claro que o concello dende o primeiro momento tomou cartas no asuntos, mantendo contactos coa delegación do goberno, co GES de Curtis, co Directo de emerxencias. Eu acompañei ao coronel da garda civil que informou dos datos da súa aparición en Lugo, o alcalde mesmo estívoo buscando varios días pola mañá.

A portavoz do BNG di que eles tamén estiveron buscando, pero que non saben, ten que ser unha busca coordinada.

O alcalde concreta o debate sobre a moción, manifestando, en resume, o seu acordo.

Manuela García, constata que na web do concello non se publicou nada, indicando o alcalde que o valoraron, pero que non é propiamente un desaparecido, pois é unha desaparición voluntaria, non se pode facer un chamamento xeneralizado, pois hai un risco.

Segue o debate, en concreto sobre a asistencia psicolóxica, opinando Manuela García Freire que se tiña que ter ofrecido inmediatamente.

Rematado o debate, transcorridos (41' 30") sométese a votación resultando aprobada a moción por unanimidade.

B/ Mocións 181 do PP a prol de declarar o 24 de febreiro como día de Rosalía. (41' 30")

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 181 de data 05-02-2016 presentada polo grupo municipal do PP a prol de declarar o 24 de febreiro como día de Rosalía, o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que se unirá como **anexo ao presente**



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

acordo e anexo V á acta do presente pleno.

Toma a palabra o portavoz do PP Fernando Pérez Fernández, quen le a moción na súa literalidade, sendo a proposta de acordo a seguinte:

- 1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello..*
- 2.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de cultura no seu Calendario do libro e da lectura.*
- 3.- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.*

A portavoz do BNG, Manuela García Freire manifesta o apoio do seu grupo á moción.

Transcorridos **(44' 28")** sométese a votación resultando aprobada a moción por unanimidade.

6.- Rogos e Preguntas (44' 37")

A/ Preguntas presentadas por escrito

A continuación dáse conta das preguntas presentadas por escrito pola portavoz do BNG en escrito nº 179 de data 05-02-2016.

A/ Servizo de farmacia (45' 09")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Fíxose algunha actuación para ampliar o servizo de farmacia tendo en conta que as circunstancias cambiaron dende que se abriu o anexo de farmacia de Boimorto en Présaras?

O alcalde indica que Vilasantar non é a única botica que hai. Informa de que vai abrirse un procedemento de adxudicación na que se incluíría a de Vilasantar como farmacia, sendo un procedemento lento, non se pode sacar só a de Vilasantar. Por agora o servizo está cuberto practicamente nas mesmas condicións que unha farmacia, o maior problema é o horario.

En canto aos titulares da botica, non ven a necesidade de ampliar o horario.

A portavoz do BNG, Manuela García Freire opina que a farmacéutica titular non o verá necesario pero os veciños si queremos máis horario e ademais temos urxencias que non se cobren (gardas).

Tras un breve debate o alcalde indica que o concello ten solicitado a farmacia.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

B/ Emerxencias sociais (49' 45")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Ultimamente no concello houbo algún caso de persoas en situación de verdadeira emerxencia. Que plan se fixo ou se vai facer por parte do concello e de servizos sociais para solucionar eses problemas antes de chegar a situacións tan críticas?

O alcalde contesta que hai unha ordenanza de emerxencia social. Os datos que ten indícanlle que a asistente social está a facer un bo traballo neste tema e que non queda ningunha emerxencia sen cubrir das que se piden.

Manuela García Freire, portavoz do BNG indica que non é ningunha crítica a Servizos sociais do concello. Só quere constatar que, de súpeto, aparecen casos que coida que deberían de ter un protocolo de prevención.

Contesta o alcalde que o caso de Cear foi detectado en tempo e forma, igual có outro caso grave, contestando os concelleiros do BNG Manuela García Freire e José A. Cotos Seoane que no caso de Cezar limitouse practicamente ao tema das vacas e debíase ter visto máis o problema psicolóxico, contestando o alcalde si fixemos un informe psicosocial no seu día. A propia familia falaba de que o único problema de Manuel eran as vacas.

Manuela García Freire remata dicindo que o único que pide é que se estude redactar un protocolo de actuación para poder prever a aparición de casos destes.

C/ Aula Cemit (53' 25")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

O convenio coa xunta para o mantemento da aula Cemit, como está na actualidade, que parte pon a Xunta e que parte o concello?

O alcalde, Fernando Pérez Fernández explica a situación actual. É un convenio no que están a rede Cemit e a Fegamp e dados os bos resultados obtidos agora é unha aula de referencia dentro da propia rede. Este ano renovouse o convenio con achegas da Xunta e do concello.

Manuela García Freire, portavoz do BNG pregunta por que houbo un cambio de contrato, contestando o alcalde que se reduciu a xornada, porque houbo tamén unha redución na subvención.

O concelleiro José A. Cotos Seoane, preguntar se é certo que non están preparados para a sinatura electrónica. O alcalde pregunta ao secretario se dende o concello se poden presentar, contestando este que, polo que sabe, as sinaturas con certificado da FNMT non necesitan ningunha adaptación dos ordenadores, polo que seguramente se está a falar do DNI electrónico, que precisa dun lector de tarxetas. No concello hai algúns ordenadores que a teñen. O alcalde di que preguntará no Cemit se non están adaptados os ordenadores.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

D/ Internet en Vilasantar (53' 25")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

A día de hoxe, na parroquia de Vilasantar non é posíbel ter conexión de internet nos domicilios. Que trámite fixo o concello para solucionar este problema? Fixo algunha negociación coas compañías telefónicas ou vai poñer outra torreta como fixo en Barbeito?.

Contesta o alcalde Fernando Pérez Fernández, que non é certo que na parroquia de Vilasantar non se teña Internet. Explica que hai varias compañías que ofrecen esa posibilidade e non todas ben. Nós puxemos 4 torres, que están situadas, unha en Barbeito, en Corredoiras da Laxe, outra enriba do concello, en Vilasantar e a outra en Présaras. En canto a Barbeito púxose alí por ser un sitio dende o que se ve o sinal que vén de Curtis.

Manuela García Freire, portavoz do BNG pregunta por que se puxo en Présaras, contestando o alcalde que se puxo na zona do Chope para que se servisen aquelas persoas que teñen contacto visual con ela.

Continúa o alcalde que se pode contratar con esta empresa ou con outras que tamén dan o servizo, en concreto telefónica ou o satélite.

Manuela García Freire comenta que estas tecnoloxías cambian moi rápido, polo que tal vez se debería replantear, contestando o alcalde que aínda hai dous días que falamos, en concreto con telefónica.

José A. Cotos Seoane pregunta se se podería facer unha recollida de sinaturas, que el o intentara dende a Asociación de veciños e contestáronlle da Central da telefónica, que así nada, que se fora a través do concello podería ser, contestando o alcalde que poderíase facer.

Remata o alcalde insistindo en que na parroquia de Vilasantar non é certo que non sexa posíbel ter conexión a internet. E que van recollese sinaturas como propuxo José A. Cotos Seoane.

E/ Farolas de Présaras (1h 03' 50")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

As farolas de Présaras están cambiadas?

Contesta o alcalde explicando que , como se sabe, as farolas de Présaras tiñan un problema, a continuación fai unha relación cronolóxica dos feitos, que as pezas chegaron entre novembro e decembro e xaneiro, que a finais de xaneiro, sorprendentemente, colléronas e leváronas a Murcia para montalas, o que quedou recollido por escrito (que le), e démoslles o prazo dunha semana. O 3 de febreiro acabaron e solicitamos á empresa coa que nós temos o contrato inicial, un estudo lumínico para ver que cumpre os criterios.

F/ Conexión dos sumidoiros dos veciños de Sesmonde a Curtis (1h 05' 45")



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)
www.vilasantar.com

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Os veciños de Sesmonde xa teñen conectados os sumidoiros a Curtis?

Contesta o alcalde que si, dende outubro de 2015, que hai sete casas contratadas mediante o convenio e asinou un acordo entre os veciños e o concello para a reposición da taxa. É posíbel que se conecten máis casas.

G/ Estudo da Universidade de Vigo (1h 07' 12")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

A Universidade de Vigo xa entregou o estudo que lle encargou o concello sobre a escola de agricultura ecolóxica?

Contesta o alcalde que si, que xa está entregado o estudo de viabilidade. Que o goberno ten pensado sacar a concurso aberto a contratación, que será por acordo de pleno.

A portavoz do BNG Manuela García Freire pide ver o estudo, contestando o alcalde que si, por suposto.

Manuela García Freire pregunta a que se deben as facturas que presenta a Universidade Galega. O alcalde explica que sen os dous contratos que se levaron á XGL, para as plicas e para o estudo previo. Manuela García Freire di que esa é a Universidade de Vigo, non a galega, producíndose un debate opinando Manuela García Freire que lle parece que é unha empresa. O alcalde chama por teléfono ao responsábel do estudo para aclarar que é o mesmo, que se trata da Feuga, que se trata dunha fundación, na que traballan as tres universidade galegas, o que queda claro.

H/ Cantidade que se leva investida no local de Vilariño (1h 12' 56")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Queremos saber a cantidade que se leva investido no local de Vilariño dende que o PP chegou á alcaldía e tamén o que neste momento está comprometido e aínda non gastado.

O alcalde Fernando Pérez Fernández informa de que a intención do goberno municipal é rematar ese local. A continuación dá as cifras: do POS 2015, 30.000,00 euros de execución e agora estase a rematar a subvención de Arranxo locais sociais e instalacións públicas, 8.482,00 máis o IVE, está pendente o do PAS 2016, 21.132,00 euros máis IVE

Manuela García Freire, portavoz do BNG pregunta se tamén houbo traballadores do concello ademais das subvencións mencionadas, contestando o alcalde que foron peóns que estiveron facendo algúns traballos, indicando Manuela García Freire que tamén habería que incluír eses gastos, que senón a información non está completa.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O concelleiro do BNG José A Cotos Seoane, pide unha aclaración sobre a subvención de Arranxo locais sociais e instalacións públicas, contestando o alcalde que a subvención era para o local de Vilariño e para o CEIP de Présaras.

I/ Facturas da revista do concello (1h 16' 04")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Canto custou a revista que reparte o concello desde o seu primeiro número e onde están as facturas?

Contesta o alcalde que non é unha revista senón un boletín informativo municipal, no camiño dunha maior transparencia.

Manuela García Freire, portavoz do BNG indica que esa definición entra dentro do concepto de revista. Como calquera publicación periódica.

O alcalde informa que sae a 0,46 céntimos exemplar, a última foron 700 exemplares, e a factura inclúese dentro das que remite a empresa ao concello por material vario, contestando Manuela García Freire que quere ver as facturas, que considera que se debería de especificar o concepto na factura.

J/ Farolas do cemiterio(1h 18' 34")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Contra o cemiterio puxéronse tres farolas, teñen lámpadas LED, e se non é así, cal é o motivo?

Puxéronse 5 farolas, non 3, pois non había ningunha, son sobre 30 vatios en total cada unha. A idea é que unha vez que se fagan as beirarrúas poranse os postes definitivos, en total 12.

Manuela García Freire pregunta se iso vai incluído dentro do acordo da travesía, contestando o alcalde que non, que vai ir noutra subvención.

J/ Camiños en mal estado (1h 20' 04")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Hai varios camiños que están sen limpar e, en algúns casos, terminarán cerrándose (como) o camiño da Lama en Vilasantar. Que se vai facer e cando?

O alcalde contesta que hai máis camiños con problemas que o da Lama en Vilasantar e que normalmente os camiños mantéñense polo paso da xente e non por afeitalos con máis ou menos frecuencia, senón pasa a xente vólvense pechar.

O camiño da Lama afeitouse e agora hai que quitar os escombros que alguén tirou alí



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

K/ Expediente disciplinario ao aparelador (1h 22' 43")

O alcalde Fernando Pérez Fernández le a pregunta, que di:

Expediente disciplinario do aparelador, como se encontra? Se segue paralizado polo proceso penal aberto e que dilixencias se fixeron?

O alcalde contesta que hai unhas providencia do 06-12-2013, do xulgado nº 2 de Betanzos, polo que se acordou deducir testemuño do aparelador en vía penal, o que levou a paralizar o expediente administrativo. O xulgado elevounas ao decano e o concello está á espera de que nos indiquen a evolución, que esperamos que sexan unha ou dúas semanas.

B/ Preguntas realizadas directamente no pleno (1h. 23' 40")

A/ Execución trimestral do 4º trimestre (1h. 16' 07")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta polo informe de execución trimestral do 4º trimestre de 2015, contestando o alcalde que o mencionado informe está tramitado e que se presentará ao pleno na próxima sesión.

B/ Aprobación do orzamento de 2016 (1h. 24' 19")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta cando se pensan aprobar os orzamentos de 2016, contestando o alcalde que en canto se aprobe a liquidación.

C/ Preguntas pleno anterior (1h. 24' 43")

José A. Cotos Seoane, concelleiro do BNG, pide contestación á pregunta do pleno anterior sobre os lavadoiros, contestando o alcalde, despois de desculparse e buscar as súas notas, que vai contestar ás preguntas do pleno anterior:

a) PXOM

O día 9 de febreiro aprobouse a Lei do solo e estamos esperando a súa publicación para estudar os cambios. Aínda nos falta o informe de Patrimonio.

b) Aforro de alumeado

Informa que aínda non podemos facer, por falta de tempo, a análise dos datos do aforro, ofrecendo uns datos que indican unha baixa no gasto de enerxía.

c) Outras preguntas

Vai lendo outras preguntas, que considera que xa foron tratadas, como son as luminarias, camiño de Vilariño, o documental turístico, cerre do depósito, casa da xuventude, onde di que xa comentou



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

que se aprobara unha ordenanza e que existe un convenio coa asociación Axouxe, do que a portavoz do BNG, Manuela García Freire pide unha copia, e que queren facer unha visita a todos os locais do concello.

e) Lavadoiros

Rematada a intervención anterior, o alcalde pregunta se hai algunha pregunta máis, contestando Manuela García Freire, portavoz do BNG, que si, a dos lavadoiros, que considera están en moi mala situación, poñendo o exemplo do de Présaras, contestando o alcalde que os lavadoiros están como estiveron estes últimos anos, a excepción do que amañamos en Vilasantar, a idea que temos e ir amañándoos aos poucos, cando haxa persoal e diñeiro.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e trinta e sete minutos (duración de 1h. 31' 25"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Anexo I

INFORME DE INTERVENCIÓN

De conformidade co artigo 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emítase o seguinte

Informe

PRIMEIRO

Segundo o disposto no artigo 176 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en virtude do principio orzamentario de “especialidade temporal”, “con cargo aos créditos de estado de gastos de cada orzamento, só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio presupostarao.

SEGUNDO

O artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece a posibilidade de recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o fosen naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da corporación tal recoñecemento mediante a asignación puntual e específica de obrigas procedentes de exercicios anteriores ao orzamento vixente.

TERCEIRO

Desta maneira, excepcionalmente poderanse imputar ao orzamento en vigor obrigas correspondentes a exercicios anteriores, previo recoñecemento e adopción do correspondente Acordo de habilitación polo Pleno da corporación. Polo tanto, está admitido o sistema do recoñecemento de obrigas durante o exercicio presupostarao procedan tales obrigas de calquera outro exercicio e isto a pesar do disposto no artigo 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

CUARTO

Así, considérase adecuado o recoñecemento dos gastos seguinte:

Facturas incluídas na relación adxunta ao presente informe como anexo I, as cales non foron conformadas no mencionado exercicio por terse presentado nos últimos meses do mesmo e por un importe total de 30.297,57 euros

QUINTO

Existe consignación orzamentaria suficiente nas partidas orzamentarias correspondentes para facer fronte ao gastopor atoparse prorrogado o orzamentos anterior, de 2015.

SEXTO.

Debe de efectuarse retención de crédito con cargo as partidas correspondentes para atender os compromisos que se deriven do recoñecemento de créditos extraxudiciais.

Non obstante, a Corporación acordará o que considere pertinente.

Vilasantar, 5 de febreiro de 2016.

O interventor

Afonso Bieito Lorenzo Penela



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Anexo II

INFORME DE SECRETARÍA

En cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

Informe

PRIMEIRO.

O texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establecen que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaráselle as obrigas recoñecidas durante o mesmo.

Ademais, en virtude do establecido nos artigos 173.5 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 25.1 do Decreto 500/1990, de 20 de abril, non se poden adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, viciando de nulidade de pleno dereito as resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresa norma, sen prexuízo da responsabilidade que couber.

Non obstante ao anterior, para regularizar tales gastos que non foron aplicados en ningunha partida do ano orzamentario no que deberan ser descontados, débese proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo obrigas correspondentes a exercicios anteriores, que por calquera causa non o foran naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da corporación tal recoñecemento, sempre que non exista dotación orzamentaria.

SEGUNDO.

A lexislación aplicábel é a seguinte:

-Artigo 4.1.a) do Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

-Artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

-Artigos 25.1, 26.1, e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

TERCEIRO.

O procedemento para levar a cabo o recoñecemento extraxudicial de créditos é o seguinte:

A. Que se emita un informe de intervención en relación coa posibilidade de recoñecemento extraxudicial de créditos no caso concreto.

B. Visto o informe, presentárase proposta pola alcaldía, que será elevada ao pleno para que a aprobe definitivamente.

CUARTO.

Se non existise consignación orzamentaria suficiente para o recoñecemento extraxudicial dos créditos descritos anteriormente, deberá tramitarse de maneira paralela un expediente de modificación do presuposto. Tal modificación poderase realizar por medio de créditos extraordinarios, ampliación de créditos, suplementos de créditos, transferencias de créditos, etc.; procedementos regulados no Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Vilasantar, 5 de febreiro de 2016.

O secretario

Afonso Bieito Lorenzo Penela



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Anexo III

Extraxudicial

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Importe Total	Nome	Texto Explicativo
F/2015/413	14/10/15	T/12056	378,98	CRISTINA SOUTO LAMAS	PAGO FACTURA Nº T/12056 DE DATA 13/10/2015
F/2015/421	21/10/15	E/1603	776,82	CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA	PAGO FACTURA E/1603 DE DATA 01/10/2015
F/2015/422	21/10/15	13	81,65	JOSE ANTONIO GOMEZ ARTO	PAGO FACTURA Nº 13 DE DATA 14/10/2015
F/2015/428	26/10/15	959	83,49	XESTORIA JOSE LUIS REY	PAGO FACTURA Nº 959 DE DATA 31/10/2015
F/2015/431	28/10/15	7691	33,78	XEFEN	PAGADAS POR FACTURA N 7691 DE DATA 31.07.2015
F/2015/432	28/10/15	1721	170,56	XEFEN	PAGADAS POR FACTURA N 1721 DE DATA 30.09.2015
F/2015/433	28/10/15	7581	174,48	XEFEN	PAGADAS POR FACTURA N 7581 DE DATA 28.10.2015
F/2015/434	28/10/15	1730	140,00	TRT, S.C.	PAGADAS POR FACTURA N 1730 DE DATA 17.09.2015
F/2015/435	05/11/15	Emit- 274	55,45	CANON	WGR02299 - Periodo Copias : 02/01/2015 - 30/10/2015 / WGR02299 - Lecturas A/4-Negro / WGR02299 - Lecturas A/4-Color / WG
F/2015/447	20/11/15	2015/2923	3.164,32	SOGAMA	Tratamento RU Mes Outubro 2015 (AYUNTAMIENTO DE VILASANTAR 13,24% S/323,44 TM)
F/2015/448	21/11/15	DIETASXU.AG.SET 15	450,00	OSCAR VAZQUEZ CORRAL	PAGADAS POR DIETAS XULLO AGOSTO E SETEM 2015
F/2015/449	21/11/15	DIET XU,AG.SET .15	250,00	JOSE EMILIO MAHIA NEIRA	PAGADAS POR DIETAS MES XULLO AGOST SET 2015
F/2015/450	21/11/15	DIETA XU AG SET 15	200,00	DAVID PINTOR PAZOS	PAGADAS POR DIETAS XULLO AGOSTO SET 2015
F/2015/451	21/11/15	DIETAS,XU AG SET 15	350,00	MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS	PAGADAS POR DIETAS XULLO AGOSTO E SETEMBRO 2015
F/2015/452	21/11/15	DIETA XU AG SET	100,00	JESUS GOMEZ GARCIA	PAGADAS POR DIETAS MES DE XULLO AGOSTO E SETEMBRO 2015
F/2015/453	21/11/15	DIETA XU AGO SET 15	100,00	MANUELA GARCIA FREIRE	PAGADAS POR DIETAS XULLO AGOSTO E SETEMBRO 2015
F/2015/454	21/11/15	DIETAS XU AG SET 15	200,00	JOSE ANTONIO COTOS SEOANE	PAGASDAS POR DIETAS XULLO AGOSTO SETE 2015
F/2015/455	21/11/15	DIETASXU AG SET 15	50,00	MARTA GARCIA SANCHEZ	PAGADAS POR XULLO AGOST SETE 2015
F/2015/467	13/11/15	71	1.137,40	ALBERTO PENAS REY	PAGO FACTURA 11/11/2015
F/2015/468	10/11/15	70	2.210,06	ALBERTO PENAS REY	PAGO FACTURA Nº 70 DE DATA 10/11/2015
F/2015/471	16/11/15	112671	101,64	RECAMBIOS SANTIAGUESES SL	PAGO FACTURA Nº 112.671 DE DATA 31/10/2015
F/2015/472	16/11/15	E/1776	48,40	LABER LABORATORIO	PAGO FACTURA Nº E/1776 DE DATA 01/11/2015
F/2015/473	27/10/15	065/15	151,25	LA ROSALEDA	PAGO FACTURA Nº 065/15 DE DATA 31/08/2015
F/2015/474	26/10/15	165	446,30	Mº BELEN SEOANE CERNADAS	PAGO FACTURA Nº 165 DE DATA 23/09/2015
F/2015/475	04/11/15	1675	20,98	FERUELTE, S.L.	PAGO FACTURA 1675 DE DATA 31/10/2015
F/2015/485	06/11/15	1582	250,00	CONSELLO REGULADOR	PAGO FACTURA Nº 1582 DE DATA 05/11/2015
F/2015/492	02/12/15	Emit- 307	76,91	CANON	WGR02299 - Periodo Copias : 31/10/2015 - 30/11/2015 / WGR02299 - Lecturas A/4-Negro / WGR02299 - Lecturas A/4-Color / WG
F/2015/493	05/12/15	4001672939	206,03	CORREOS Y TELEGRAFOS	Carta(N) 0 - 20 gr N LOCAL G-0 (01 EXENTO) / Carta(N) 0 - 50 gr LOCAL G-0 (01 EXENTO) / Carta(N) 51 -100 gr LOCAL G-
F/2015/494	09/12/15	2015/3201	2.440,86	SOGAMA	Tratamento RU Mes Novembro 2015 (AYUNTAMIENTO DE VILASANTAR 13,24% S/249,48 TM)
F/2015/496	03/12/15	RECIBO	250,00	O CASTIÑEIRO .MANUEL GARCIA GARCIA	PAGADS POR RECIBO DE DATA 03122015

segue...



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

F/2015/506	18/11/15	dietas	158,05	ISABEL NOVO LOPEZ	PAGADAS POR DIETAS ISABEL NOVO
F/2015/507	16/11/15	FE15321186453313	188,22	GAS NATURAL SURSDG S.A	PAGADAS POR FACTURA N FE15321186453313
F/2015/510	16/12/15	5G17399 M	108,90	ZARDOYA OTIS S.A	POR EL SERVICIO DE MANTENIMIENTO CORRESPONDIENTE: AL PERIODO 01-12-2015/31-12-2015.Direccion instalacion: CONCELLO, CL R
F/2015/513	07/12/15	LIQU1431	542,04	CONSORCIO GALEGO	PAGADAS POR LIQUIDA 431 DE 30.11.2015
F/2015/522	24/11/15	1076	326,75	JOSE LUIS REY "XESTORIA"	PAGO FACTURA Nº 1076 DE DATA 30/11/2015
F/2015/523	26/11/15	1749	190,02	TRT, S.C.	PAGO FACTURA Nº 1749 DE DATA 19/11/2015
F/2015/524	24/11/15	215	159,20	Mº BELEN SEOANE CERNADAS	PAGO FACTURA Nº 215 DE DATA 24/11/2015
F/2015/525	27/11/15	678/15	28,44	CANDIDO.CARPINTERIA	PAGO FACTURA Nº 678/15 DE DATA 23/11/2015
F/2015/526	02/12/15	134	2.034,86	ELECTRIC S.L.	PAGO FACTURA Nº 134 DE DATA 30/11/2015
F/2015/527	15/12/15	2349	95,23	JESUS ANDRADE LOSADA	PAGO FACTURA Nº 002349 DE DATA 14/12/2015
F/2015/528	15/12/15	2350	112,05	JESUS ANDRADE LOSADA	PAGO FACTURA Nº 2350 DE DATA 14/12/2015
F/2015/529	11/12/15	16/15	247,46	MIGUEL ANGEL GARCIA TABOADA	PAGO FACTURA Nº 16/15 DE DATA 30/10/2015
F/2015/530	21/12/15	6013	450,00	AZUCENA VAZQUEZ VILARIÑO	PAGO FACTURA Nº 006013 DE DATA 21/12/2015
F/2015/531	22/12/15	1179	297,71	JOSE LUIS REY "XESTORIA"	PAGO FACTURA Nº 1179 DE DATA 31/12/2015
F/2015/532	22/12/15	1180	94,38	JOSE LUIS REY "XESTORIA"	PAGO FACTURA Nº 1180 DE DATA 22/12/2015
F/2015/533	22/12/15	1062/15	730,11	CANDIDO LEMA MOUZO	PAGO FACTURA 1062/15 DE DATA 17/12/2015
F/2015/539	30/10/15	4690	164,01	JOSE OTERO ESPÍNEIRA	PAGO FACTURA Nº 4690 DE DATA 24/10/2015
F/2015/541	24/11/15	1077	83,49	JOSE LUIS REY "XESTORIA"	PAGO FACTURA 1077 DE DATA 30/11/2015
F/2015/542	10/12/15	2015/A/1960	1.329,86	ATICOM	PAGO FACTURA 2015/A/1960 DE DATA 10/12/2015
F/2015/543	26/11/15	1151010072782	228,84	FENOSA GAS NATURAL	PAGO FACTURA Nº 228,84 DE DATA 26/11/2015
F/2015/544	30/12/15	VI8941	111,13	MUGATRA	PAGO FACTURA VI8941 DE DATA 11/12/2015
F/2015/545	30/12/15	15/317	43,60	LIBRERIA DIDAC.MÓNICA ARES CONDE	PAGO FACTURA 15/137 DE DATA 10/12/2015
F/2015/546	30/12/15	2914	21,62	JOSE OTERO ESPÍNEIRA	PAGO FACTURA 2914 DE DATA 91/12/2015
F/2015/547	30/12/15	A/153	82,73	ALFONSO TORREIRO RODRIGUEZ	PAGADAS A/153
F/2015/548	14/12/15	1849	30,86	FERUELTE, S.L.	PAGO FACTURA Nº 001849 DE DATA 30/11/2015
F/2015/549	30/12/15	369	183,92	ROBERTO ARTES GRAFICAS	PAGO FACTURA Nº 369 DE DATA 21/12/2015
F/2015/550	30/12/15	233	141,00	Mº BELEN SEOANE CERNADAS	PAGO FACTURA Nº 233 DE DATA 22/12/2015
F/2015/551	30/12/15	22	33,15	Mº LOURDES VERA SEOANE	PAGO FACTURA Nº 22 DE DATA 22/12/2015
F/2015/556	22/12/15	15/08/16	3.890,49	CONCELLO DE CURTIS	LIQUIDA FACTUA 2015/8
F/2015/557	29/12/15	15/07/16	3.890,49	CONCELLO DE CURTIS	PAGADAS POR LIQUIDACION OCTUBRE 2015
F/2015/558	27/11/15	28L580625719	91,67	MOVISTAR TELEFONOS	PAGADAS POR FACTURA TELEFON.1 XAN 2016
F/2015/560	29/12/15	1701	107,93	GALICIA ECOLOXICA S.L	PAGADAS POR FACTURA N 1701 DE 16.12.2015
Total			30.297,57		